



DEPORTE
GALEGO

CAMPIONATO GALEGO OPEN DE PESCA DENDE ROCHA

O Campionato Galego Open de Pesca Dende Rocha, está convocado pola Federación Galega de Pesca e Cásting, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación na Coruña, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade.

Lugar e Data:

Desenvolverase Cabo Touriñán.
Alternativo: Corme.

Na data do : **8 de marzo do 2025** (data alternativa 15 de marzo do 2025)

Os participantes terán que facer, para a súa inscrición, un ingreso de 20,00 €, na conta da F.G.P. nº **ES34-2080-0176-9630-4001-0672**, ata a data linde do 28 de febreiro do 2025 ás 12,00 horas. As inscricións cómpre facelas exclusivamente ao correo delegadocoruna@fgpesca.org incluíndo recibo de pago.

Para aqueles clubs que non tramitasen un mínimo de 20 tarxetas federativas no 2024, o importe da inscrición será de 50.- € por deportista inscrito.

Os Clubs poden presentar tantos participantes como desexen. Unha vez tódolos Clubs teñan feitas as correspondentes inscricións, no caso de seren máis das que pode acoller o escenario, farase unha criba en función do número de tarxetas federativas de cada Club. Nese caso comunicarase aos clubs cantos deportistas foron admitidos por cada Club. Nese procedemento informarase do número de tarxetas federativas que ten tramitadas cada club. As tarxetas que se teñen en conta para esa circunstancia son as tramitadas na tempada anterior (2024).

Este Campionato é clasificatorio para o Campionato de España da especialidade do ano 2026. A selección galega integraranos os catro primeiros clasificados.

BASES

Xurado: A súa composición farase pública na xuntanza para o sorteo dos postos.

Mangas: Desenvolverase en **dúas mangas** de **tres horas** de duración cada unha. Tanto o inicio como o remate da manga será indicado con sinais acústicas.



DEPORTE
GALEGO

A adxudicación dos distintos postos aos deportistas farase por sorteo.

Capturas: Os exemplares presentados á pesaxe aos que polo menos lles falte un centímetro para acadar a talla mínima legal, contarán como penalización que será a equivalente ao peso deses exemplares.

Material Deportivo:

Canas: Nesta especialidade de Mar Costa autorízase ter unha cana en tarefa de pesca, podendo ter montadas, de reserva, outras máis.

A cana autorizada será dunha lonxitude máxima de sete metros, con polo menos CATRO argolas na súa montaxe. Autorízase o uso de canas con argolas interiores.

Cebo: Libre.

Baixos de liña: Terán un máximo de 3 anzois e libre lonxitude dos codais.

Programa:

08,00 horas: Recepción de tódolos participantes no escenario da proba..

09,30 horas: Inicio da primeira manga.

12,30 horas: Fin da primeira manga.

13,00 horas: PAUSA

14,00 horas: Inicio da segunda manga.

17,00 horas: Fin da segunda manga.

17,30 horas: Pesaxe e clasificación.

Normas:

1º Ao sinal de fin da proba é obrigado o cese inmediato da acción de pesca. Nese intre é imperativo retirar o aparello da auga e que as canas deixen de estar en acción de pesca.

2º Os Deportistas entregarán as súas capturas no punto que a organización lles indique no momento do sorteo.

3º A pesaxe comezará media hora despois do sinal de fin de proba.

4º Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

5º Alterar ou entorpecer o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma. Elevarase acta da competición ao Comité de Disciplina que, de ser o caso, actuará de oficio.



DEPORTE
GALEGO

6º Os participantes deberán estar en posesión da tarxeta federativa e de pesca en vigor. Os clubs polos que compitan eses deportistas deberán de estar ao corrente das súas obrigas coa Federación Galega de Pesca e Casting na tempada 2025.

PARA QUE ESTA PROBA SE DESENVOLVA DEBERÁ DE HABER, COMA MÍNIMO, 12 DEPORTISTAS INSCRITOS.

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

NOTA IMPORTANTE

No caso de sanción administrativa por incumprimento das tallas mínimas, a responsabilidade recae no deportista infractor.

A organización non servirá nin fará servir ningunha sorte de avituallamento.

Será de obrigado cumprimento a lexislación autonómica sobre a pesca marítima de recreo.

Para outras disposicións non recollidas nas presentes bases, rexerémonos polo que resolva o xuíz da competición ou o Comité da Proba.

Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de wassap da mesma sen previa autorización.

**D. Ramón Souto Pérez
Presidente do Comité Mar Rocha da F.G.P. e C.**